

LORENZO VARELA



Xesús Lorenzo Varela Vázquez naceu o 10 de agosto de 1916 nun barco que entraba no porto d'A Habana, todo un símbolo do que sería a súa vida, a cabalo entre dous mundos.

Fillo de emigrantes, a súa infancia transcorre entre Monterroso e Bos Aires. En 1931, ano de proclamación da Segunda República, volve a Galiza e instálase, con súa nai, en Lugo, onde estuda o bacharelato. Estes primeiros anos da República (1932) serán o tempo das primeiras inquedanzas literarias e políticas, entre as que estará presente o galeguismo e o marxismo, que o levarán a participar na fundación da Federación de Mocidades Galeguistas e a militar na troskista Izquierda Comunista. Neste contexto hai que situar a súa amizade con Ánxel Fole e Ramón Piñeiro.

En 1934 deixa Galiza, logo de participar nos acontecementos revolucionarios e por caus destes, e mar-

cha para Madrid, onde comeza a carreira de Filosofía e Letras e conecta co gupo PAN (Poetas Andantes e Navegantes). O grupo xorde do diálogo entre un fato de amigos, diálogo que, nun segundo momento, tomará forma escrita na revista PAN, aparecida en 1935 e dirixida por Xosé Otero Espasandín. Nela colaboraron, alén de Varela, R. Dieste, Fersen, Antonio Espina... Tamén traballa como crítico literario para o xornal El Sol.

Nestes anos colabora nas Misiões Pedagógicas, un proxecto moi achegado ao que hoxe coñecemos como dinamización cultural e que se insire dentro das reformas educativas da II República. A idea era levar a cultura aos lugares máis afastados, ao tempo que tentaban dignificar os valores da cultura tradicional de medios rurais. E para iso créase un Teatro de Guiñol, realízanse audicións musicais, proxeccións cine-

matográficas, exposicións didácticas..., sempre itinerantes. Este proxecto foi interrompido polo comezo da Guerra Civil (1936).

Durante a Guerra Civil, xa afiliado ao Partido Comunista, combina o seu labor político e militar coa actividades culturais ao servizo da causa republicana, entre as que podemos citar as colaboracións en revistas como Hora de España, Milicia Popular ou Diario del Quinto Regimiento. Tamén se responsabiliza, a carón de Alberti, M^a Teresa León, Dieste... , de El Mono Azul. Hoja Semanal de la Alianza de Intelectuales Antifascistas para la Defensa de la Cultura. Esta publicación, máis inmediata e combativa, ten no romance o seu mellor medio de expresión.

En 1937 publícase en Valencia a antoloxía Poetas en la España Leal, onde a obra de Varela aparece a





LORENZO VARELA

carón da de Machado, Alberti ou Miguel Hernández. Na antoloxía Homenaje de despedida a las Brigadas Internacionales, publicada en 1938, tamén aparecerá a súa obra.

A guerra e a derrota deixarán unha firme pegada na súa obra.

Perdida a guerra, Lorenzo Varela vive en México entre 1936 e 1941. Neste breve espazo de tempo participa en importantes iniciativas culturais, como a creación da revista Romance e a colaboración en Taller, dirixida por Octavio Paz.

Será en México onde, en 1940, aparece o seu primeiro poemario individual, Elegías españolas, ilustrado con debuxos do pintor exiliado Miguel Prieto e publicado na editorial Guerra Literaria. A obra componse de tres elexías, Elogio del llanto, Primera Elegía Muladar (Tribunal del Virgo), e Desagravio del Vino Tinto, precedidas por unha dedicatoria (un poema dividido en dúas partes).

En 1941, Lorenzo Varela instálase en Bos Aires, onde traballa no xornalismo e na tradución e leva a cabo unha intensa actividade cultural mantendo as súas fidelidades políticas.

En 1942 publica Torres de Amor, ilustrado por Seoane e que será o libro que o consagra como poeta.

Dende decembro de

1942 até xullo de 1943, participa na revista De Mara a Mar, da que é secretario. Ao desaparecer De Mara a Mar, Cuadrado, Seoane e Varela crearán e dirixirán Correo Literario, unha revista na que aparecen publicacións de escritores exiliados e latinoamericanos de diferentes nacionalidades, como Alberti, Francisco Ayala, Mario de Andrade, Ernesto Sábato... Lorenzo Varela colaborou en case todos os números, co seu nome ou co pseudónimo de Felipe Arcos Ruíz, con textos sobre novidades literarias ou pictóricas ou de creación poética, como Ofrenda a los franceses, Atenas ou Canciones a la Victoria. Correo Literario ten que pechar por motivos políticos (Perón chega ao goberno) e Seoane e Varela fundan Cabalgata.



En 1944 publica a súa primeira obra en galego, Catro poemas pra catro grabados. Estes poemas desenvolven unha temática histórica, cunha intensa carga mítica, presentando uns personaxes de valores positivos e proxectando o pasado sobre o presente cun espírito combativo e de resistencia. En María Pita presenta a heroína elevándoa a símbolo de loita pola liberdade:

María das batallas,
Dareiche un reiseñor por
cada bala.

I unha estreliña nova
No berce dunha dorna,
Núa, espida, graciosa:
Varona dos meus ollos,
unha estrela

Que ti ganache, poderosa
e leda.

En María Balteira recrea a famosa soldadeira que aparece nas cantigas de escarnio e maldicir, gabándoa como unha muller que reafirma a súa personalidade e loita contra a represión. A Ruy Xordo evoca, por medio do nome do líder irmandiño, a loita antiseñorial. O touro reinterpreta o xuízo de Deus que superou o bispo Adaúlfo para demostrar a súa inocencia.

En 1943 edita un estudo sobre a obra de Baudelaire, Actualidad de la obra crítica de Baudelaire, e Murillo, monografía sobre o pintor, en 1945 El Renacimiento e en 1948 Seoane, estudo dedicado ao pintor amigo. E nesta época tamén escribe algúns contos que nunca chegaron

LORENZO VARELA



a ver a luz en libro.

En 1954 publica *Lonxe*, un gran libro de poesía galega no exilio con dúas liñas temáticas. Unha é a dos guerrilleiros galegos dos anos corenta que loitan contra o franquismo e onde destacan Manuel Ponte ou Manuela. En *Compañeiros da miña xeneración mortos ou asesinados* lembra os amigos mortos na guerra e na represión. A outra liña temática é a ausencia da Terra, o exilio (O galo), a diáspora por causas económicas (Emigrante).

Nos anos cincuenta comezan a aparecer en Galiza algúns poemas seus, sempre evitando os de temática máis conflitiva e é incluído por Francisco Fernández del Riego na súa *Escolma da poesía galega IV*. Os contemporáneos.

En 1959 publica un novo texto, esta vez poético, sobre Seoane: *Ante unos grabados en madera de Luis Seoane*. A partir destes anos

non vai publicar novos volumes de versos.

En 1960 casa con Marika Gerstein, muller de ampla cultura que será a súa compañeira durante o resto da súa vida.

Sobre do ano 1960, o poeta comeza a pensar na posibilidade do regreso e fixo unha visita a España, aínda que, finalmente decidiu non quedar.

Ao longo dos anos sesenta as súas publicacións diminúen e boa parte da súa poesía está espallada ao longo de diferentes libros e álbums. Cómpre destacar a publicación de *Homenaje a Picasso* en 1963 e un novo ensaio sobre Seoane, *Seoane o el arte sometido a la libertad*, en 1966. Escribe no volume *Galiza Hoy*, publicado con Seoane e Díaz Pardo na editorial antifascista *Ruedo Ibérico* de París e nel denuncia a situación de Galiza baixo o franquismo.

En 1970 publícase o libro *Castelao* na voz dos poetas, no que se inclúe un soneto de Varela. Tamén nesta data aparece, no primeiro e único número da revista *Cuco-Rei*, o poema *Cantiga nova* que se chama *cadea*, dedicado a Méndez

Ferrín. En 1971 publica un ensaio sobre Salvador Dalí.

En 1976 regresa do exilio, e vivirá entre Madrid e Galiza; mais a súa volta non foi unha experiencia positiva, pois notou a indiferenza e o descoñecemento cara ao seu labor no exilio.

Nos seus últimos traballos prologa os libros *Cen claves de Sombra*, de Paz Andrade, e *Escolma ferida* de Manuel Lueiro.

Morre en 1978.

Cristina López Somoza
Hugo de la Plaza Villasante
Cristina Vizacino Fernández
ESO 4 A



Lorenzo Varela visto por Seoane. 1972.